



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela

anpasgalegas@gmail.com

www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 610 616 968 - 600 699 293

Prezado Secretario Xeral,

Hai moito tempo que vimos observando unha práctica nos centros de ensino que cremos conveniente denunciar a esa Secretaría, máis concretamente á subdirección xeral de inspección: a compra colectiva de material educativo por parte dalgúns-has docentes.

Esta práctica consiste na imposición dunha cota que abonan as familias, nunha contía moi variable pero que se pode fixar entre 30 e 60 euros. Esa cota será logo utilizada polo-a docente para a compra de material colectivo para cadansúa aula, de tal xeito que as familias, ao dicir do persoal que utiliza esa práctica, “despreocúpense” de aí en diante das necesidades de material das súas fillas e fillos.

Hai varias cuestións a considerar neste asunto que quixemos expoñer:

- O profesorado non ten entre as súas funcións a de organizar unha compra cooperativa do material escolar; dende logo as ANPA non o facemos porque entraríamos directamente dentro dunha actividade empresarial, e dubidamos fondamente de que o profesorado teña efectivamente esa competencia.
- Eses fondos deberan, e nunca o fan, formar parte en todo caso da contabilidade do centro educativo, porque o contrario é directamente xestionar diñeiro opaco-negro na linguaxe común- dun xeito que dificilmente pode ser consentido pola intervención da consellaría.
- Enlazando co anterior, ao non ser un gasto formal tampouco hai control nin constancia de todo o que se merca con eses cartos, que non sempre é material funxíbel, e que debera quedar no centro correctamente inventariado, o que non ocorre, o que contribúe ao mal uso deses fondos, e ao malgasto do diñeiro das familias.
- Esas prácticas conducen inevitabelmente á discriminación das familias ao forzalas a unha disposición de fondos que quizais non teñan nese momento, ou -aínda peor- a ter que lle dar a un docente unha explicación das propias circunstancias económicas privadas, que en ningún caso son da súa competencia nin deben ser do seu coñecemento.
- Estase furtando ao Consello Escolar do centro, e á súa comisión económica, a xestión e resultados desta práctica, ao non figurar na contabilidade ordinaria do centro; polo que se descoñece se existen déficits ou superávits e cal pode ser o seu destino, ou a súa cobertura.

Nós non dubidamos da honestidade do persoal docente, nin da súa mellor intención á hora de xestionar fondos públicos; o que dubidamos é da súa idoneidade á hora de xestionar fondos privados. E dende logo si cuestionamos a permisividade de prácticas que puideran parecer moi colaborativas, pero que realmente representan o atraso formal dun sistema que non dá avanzado ao paso da modernidade, tamén da modernidade fiscal e do respecto á privacidade das familias galegas.

Supoñemos que estamos de acordo, e que a consellaría rexeita tamén este tipo de prácticas, así que agradeceríamos unha resposta clara a este escrito, e tamén que se remita aos centros educativos a información necesaria para que estas situacións non se repitan; e para que a relación entre as familias e a escola teña sempre presentes o respecto á privacidade e á diversidade que é obrigada para a administración educativa e para quen a representa.

Compostela, na data da sinatura dixital deste escrito

Fernando Lacaci Batres, presidente,
Isabel Calvete Carrera, vicepresidenta